

## RÚBRICA: CSIEE

	ÓPTIMO	NOTABLE	ACEPTABLE	INSUFICIENTE
<b>Autonomía</b>	É quen de traballar con autonomía. Esfórzase para rematar as súas iniciativas demostrando confianza en sí mesmo e persevera no esforzo cando a iniciativa así o requira.	É quen de traballar con autonomía. Só pide axuda puntualmente. Esfórzase para rematar as súas iniciativas aínda que cando son moi ambiciosas non persevera..	Traballa con autonomía pero ás veces precisa axuda. Esfórzase para rematar as súas iniciativas pero duda de sí mesmo e acaba perdendo o interese.	Necesita supervisión do seu traballo. Xeralmente non se esforza e perde o interese axiña en concluír as súas iniciativas.
<b>Comunicación</b>	Esfórzase e utiliza os recursos necesarios para comunicar as súas ideas do xeito máis convincente posible. Cando fala representando ao seu grupo, demostra liderazgo.	Faise entender satisfactoriamente e utiliza os recursos precisos para comunicar as súas ideas. Cando fala representando ao seu grupo, demostra una posición importante dentro del.	Comunica de forma sinxela as súas ideas aínda que non é moi creativo nos recursos utilizados.	Non é capaz de comunicar as súas ideas nin é quen de usar recursos que o apoién
<b>Análise e planificación</b>	É capaz de establecer plans de acción, identificando os puntos fortes e débiles tanto de sí mesmo coma do propio plan, desenvolverlos e autoavalialos de xeito realista.	É capaz de establecer plans de acción, xeralmente é quen de desenvolverlos e presenta certa dificultade en autoavalialos.	É capaz de establecer sinxelos plans de acción, ás veces é quen de desenvolverlos, tendo dificultade en autoavalialos.	Non é capaz de establecer desenvolver nin avaliar plans de acción.
<b>Habilidades</b>	Resolve problemas de xeito creativo, con iniciativa e adaptándose aos cambios cando xurdan. Toma decisións e amosa iniciativa.	Resolve problemas baseándose noutros similares, e, amosa certa iniciativa. Trata de adaptarse aos cambios cando xurdan. Toma decisións e amosa certa iniciativa.	Resolve problemas de xeito guiado. Non sempre se adapta aos cambios. Cústalle tomar decisións e amosa pouca iniciativa	Non é quen de resolver problemas. Non toma decisións nin ten iniciativa.